

Pentecoste (B)

EVANXEO

+ Xoán, 20, 19-23

Naquel día, o primeiro da semana, ó serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús, e, poñéndose no medio, díxolles:

-Paz convosco.

Dito isto, mostroulles as mans e mais o costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez:

-Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.

E dito isto alentou sobre eles, e díxolles:

-Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoedes os pecados, quedaranlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaranlles retidos.

Palabra de Deus.

HOMILIA

24-05-2015

INVOCACIÓN AO ESPÍRITO

Ven, Espírito Santo. Esperta a nosa fe débil, pequena e vacilante. Ensínanos a vivirmos confiando no amor insondábel de Deus, o noso Pai, a todos os seus fillos e fillas, estean dentro ou fóra da túa Igrexa. Sese apaga esta fe nos nosos corazóns, pronto morrerá tamén nas nosas comunidades e igrexas.

Ven, Espírito Santo. Fai que Xesús ocupe o centro da súa Igrexa. Que nada nin ninguén o suplante nin escureza. Non vivas entre nós sen atraernos cara ao seu Evanxeo e sen converternos ao seu seguimento. Que non fuxamos da súa Palabra, nin nos desviemos do seu mandato do amor. Que non se perda no mundo a súa memoria.

Ven, Espírito Santo. Abre os nosos oídos para escoitarmos as túas chamadas, as que nos chegan hoxe, desde os interrogantes, sufrimentos, conflitos e contradicións dos homes e mulleres dos nosos días. Fainos vivir abertos ao teu poder para procrear a fe nova que necesita esta sociedade nova. Que, na túa Igrexa, vivamos máis atentos ao que nace que ao que morre, co corazón sostido pola esperanza e non minado pola nostalxia.

Ven, Espírito Santo. Purifica o corazón da túa Igrexa. Pon verdade entre nós. Ensínanos a recoñecer os nosos pecados e limitacións. Recórdanos que somos coma todos: fráxiles, mediocres e pecadores. Libéranos da nosa arrogancia e falsa seguridade. Fai que aprendamos a camiñarmos entre os homes con máis verdade e humildade.

Ven, Espírito Santo. Ensínanos a mirar de xeito novo a vida, o mundo e, sobre todo, ás persoas. Que aprendamos a mirar como Xesús miraba aos que sofren, aos que choran, aos que caen, aos que viven sos e esquecidos. Se cambia a nosa mirada, cambiará tamén o corazón e o rostro da túa Igrexa. Os discípulos de Xesús irradiaremos mellor a súa proximidade, a súa comprensión e solidariedade cara aos máis necesitados.

Parecerémonos máis ao noso Mestre e Señor.

Ven Espírito Santo. Fai de nós unha Igrexa de portas abertas, corazón compasivo e esperanza contaxiosa. Que nada nin ninguén nos distraia ou desvíe do proxecto de Xesús: facer un mundo máis xusto e digno, máis amábel e ditoso, abrindo camiños ao reino de Deus.

José Antonio Pagola
Tradutor: Xaquín Campo Freire

HOMILIA

27-05-2012

RECIBIDE O ESPÍRITO

Aos poucos, imos aprendendo a vivir sen interioridade. Xa non necesitamos estar en contacto co mellor que hai dentro de nós. Chéganos con vivir entretidos. Contentámonos con funcionar sen alma e alimentarnos só de pan. Non queremos expornos a buscar a verdade. Ven Espírito Santo e libéranos do baleiro interior.

Xa sabemos vivir sen raíces e sen metas. Abóndanos con deixarnos programar desde fóra. Movémonos e axitámonos sen cesar, pero non sabemos o que queremos nin cara a onde imos. Estamos cada vez mellor informados, pero sentímonos máis perdidos do que nunca. Ven Espírito Santo e libéranos da desorientación.

Escasamente nos interesan xa as grandes cuestións da existencia. Non nos preocupa ficar sen luz para enfrontármonos á vida. Fixémonos máis escépticos e tamén máis fráxiles e inseguros. Queremos ser intelixentes e lúcidos. Por que non atopamos acougo e paz? Por que nos visita tanto a tristeza? Ven Espírito Santo e libéranos da escuridade interior.

Queremos vivir máis, vivir mellor, vivir máis tempo, pero ... vivir que? Queremos sentirnos ben, sentirnos mellor, pero ... sentir que? Buscamos gozar intensamente da vida, sacarlle o máximo zume, pero non nos contentamos só con pasalo ben. Facemos o que nos apetece. Xa case non fican prohibicións nin terreos vedados. Por que queremos algo diferente? Ven Espírito Santo e ensínanos a vivir.

Queremos ser libres e independentes, e atopámonos cada vez máis sos. Necesitamos vivir e encerrámonos no noso pequeno mundo, ás veces tan aburrido. Necesitamos sentirnos queridos e non sabemos crear contactos vivos e amigábeis. Ao sexo chamámoslle "amor" e ao pracer "felicidade", pero ... quen saciará a nosa sede? Ven Espírito Santo e ensínanos a amar.

Na nosa vida xa non hai sitio para Deus. A súa presenza ficou reprimida ou atrofiada dentro de nós. Cheos de ruídos por dentro, xa non podemos escoitar a súa voz.

Envorcados en mil desexos e sensacións, non acertamos a percibir a súa proximidade.

Sabemos falar con todos menos con el. Aprendemos a vivir de costas ao Misterio. Ven Espírito Santo e ensínanos a crer.

Crentes e non crentes, pouco crentes e malos crentes, así peregrinamos todos moitas veces pola vida. Na festa cristiá do Espírito Santo Xesús dinos a todos o que un día dixo aos seus discípulos exhalando sobre deles o seu alento: "Recibide o Espírito Santo". Ese Espírito que sostén as nosas pobres vidas e alenta a nosa débil fe pode penetrar en nós por camiños que só el coñece.

José Antonio Pagola

Traduciu: Xaquín Campo Freire

HOMILIA

31-05-2009

INVOCACIÓN AO ESPÍRITO

(Véxase homilía 24-05-2015)

José Antonio Pagola

Tradutor: Xaquín Campo Freire

Blog: <http://sopelakoeliza.blogspot.com>
<http://iglesiadesopelana.blogspot.com>

José Antonio Pagola Itxaldiaren Bideoak ikusteko:
<http://iglesiadesopelana3v.blogspot.com>